

	<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
---	--	--	--

## FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/24-5**

<b>Ano</b>	2010
<b>Entidade</b>	ASOCIACIÓN DE MARISCADORES "PEDRA DE OLIVEIRA" DE VILABOA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), reloxo ( <i>D.exoleta</i> ) e longueirón vello ( <i>Solen marginatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Bancos intermareais dende o peirao de San Adrián ata Punta Cabalo e entre a ponte de Rande e o peirao de Santo Adrián
<b>Subzonas de explotación</b>	San Adrián: dende o peirao de San Adrián ata o río de Río Maior. Río Maior: dende o río de Río Maior ata o peirao de Sta. Cristina de Cobres. Deilán: dende o peirao de Santa Cristina de Cobres ata Punta Pereiro. Cabalo: dende Punta Pereiro ata Punta Cabalo. Entre a ponte de Rande e o peirao de Santo Adrián (Aradoiro e Calera)

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
58	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		Si, baixo determinadas condicións que deberán ser aceptadas pola entidade
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
15	-	-

<b>Calendario de explotación</b>											
<b>Días máximos de extracción</b>	160, baixo determinadas condicións. Aradoiro e Calera: 10 días										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a decembro, con rotación de bancos											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

<b>Banco</b>	xan	feb	mar	ab	maio	xuñ	xull	ag	set	out	nov	dec
Deilán				X	X	X	X	X	X	X		
Cabalo	X	X	X								X	X
S. Adrián	X	X	X								X	X
Río Maior				X	X	X	X	X	X	X		
Parques	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Aradoiro-Calera		X (2 d)	X (2 d)						X (4 d)	X (2 d)		



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

<b>Topes de captura</b>		
<b>Especies</b>	<b>Resto zonas</b>	<b>Aradoiro e Calera</b>
	<b>A pé (mariscadora/día)</b>	<b>A pé (mariscadora/día)</b>
Ameixa babosa	1 kg	1 kg
Ameixa fina	2 kg	2 kg
Ameixa xaponesa	10 kg	3 kg
Berberecho	10 kg	4 kg
Reloxo	5	-
Longueirón vello	10	-

**Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.**

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, legón, angazo
-------------------------	----------------------

<b>Puntos de control</b>	Punta Cabalo, Lonxa de Santa Cristina, Santo Adrián
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Sta. Cristina e Vigo.

<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas: Deilán												
Especies: berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												
Zonas: cultivo sobreelevado e engorde en parque												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ambito do plan:**

A inclusión no plan de explotación para o ano 2010 dos bancos intermareais comprendidos entre a ponte de Rande e o peirao de Santo Adrián (**Aradoiro e Calera**), estando condicionado a



**que se respecten os dereitos das mariscadoras doutras zonas que traballan nela.”. Polo tanto, a Asociación **terá que comunicar ás entidades** con mariscadoras que se podan ver afectadas, **dos días que se vaia a realizar a actividade nesta zona.****

Os ámbitos dos plans de explotación presentados pola confraría de Arcade e a Asociación de Vilaboa coincide entre punta Cabalo e Pedra dos Caralletes (**Cunchido e Larache**). Esta zona será xestionada, mentres non exista un acordo sobre os ámbitos dos plans, de acordo co establecido no plan específico para esta zona e coa Orde do 22 de decembro de 2009 que aproba a Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2010. As **aperturas mensuais** do plan de explotación serán autorizadas polo departamento territorial en Vigo, previa **petición conxunta** das entidades interesadas na extracción segundo as coincidencias de zona de traballo sinaladas anteriormente. As peticións conxuntas efectuadas para cada zona indicarán os días, especies e topes de captura, nº de mariscadoras, así como puntos de control establecidos.

**Especies:** Inclúese o longueirón vello como especie accesoria ou acompañante.

**Proposta de ampliación do número de permisos de explotación**, e tendo en conta que:

- dende a ampliación do número de permisos no ano 2006 tiveron lugar 7 baixas.
- a avaliación biolóxica indica que a CPUE descendeu e os controis de tallas en lonxa amosan un descenso progresivo en distintas especies ao longo da campaña.
- as mostraxes realizadas nos bancos amosan un descenso xeral da biomasa das especies explotadas nos distintos bancos.

Con respecto a esta proposta que xa foi presentada para o ano 2009 se lle informou á entidade que unicamente se podía considerar axeitada a **ampliación** do número de prazas proposto si se tomaban medidas de xestión que reduzan a presión pesqueira sobre os bancos. Así no caso de incrementar 15 novas mariscadoras/es, poderían autorizarse como máximo 125 días.

Para o ano 2009, a entidade decidiu manter 160 días de extracción con rotación de bancos e esperar á evolución da campaña para o ano 2010. Para o ano 2010, mantense a petición da proposta de ampliación ademais de 160 días de extracción. Sen embargo, á vista da evolución das CPUE para os anos 2008 e 2009 non é viable un incremento de 15 novos permisos e manter ao mesmo tempo os 160 días.

Polo tanto, a entidade deberá **manifestar por escrito se pretende continuar coa proposta de ampliación** do número de permisos o que supón reducir a presión extractiva sobre os bancos diminuindo o número de días a 125, **ou ben se espera á evolución da campaña do ano 2010 antes de volver a solicitar dita ampliación.**

**Calendario:** 160 días de xaneiro a decembro, con rotación de bancos. No caso concreto do banco Aradoiro-Calera a actividade desenvolverase durante un máximo de 10 días ao ano, distribuídos do seguinte xeito: 2 días no mes de febreiro, 2 días no mes de marzo, 4 días no mes de setembro e 2 días no mes de outubro, con lixeiras variacións en función dos días nos que teñan lugar os mellores índices de cota mareal.

**Cotas máximas de captura:** á vista do seguimento das capturas dos anos anteriores e das CPUE os topes de captura son os recollidos nesta ficha.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

**Artes autorizadas:** A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

**Remisión dos datos de captura:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación territorial, seguindo as instrucións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Recomendacións para a mellora do plan**

- indicar o funcionamento e responsables do punto de control
- definir si os traballos que non son de extracción computarán ou non para a revalidación do permiso de explotación.